PROGRAMA

Xornada Autonómica de Parques Empresariais de Galicia 2026

Xestión, innovación e futuro

Un encontro para compartir coñecemento, experiencias e propostas de mellora, impulsar a profesionalización da xestión e explorar o futuro dos parques empresariais de Galicia.

Ficha técnica

Organiza	FEGAPE · Federación Galega de Parques Empresariais
Colabora	Xunta de Galicia · Consellería de Economía e Industria
Lugar	Espazo GaiasTech - Cidade da Cultura de Galicia, Santiago de Compostela.
Data	Xoves, 3 de decembro de 2026.
Horario	De 09:30 a 18:00 h.
Formato	Presencial, con relatorios, participación dixital guiada, intercambio de experiencias e creación de contactos profesionais.

Persoas destinatarias. Entidades xestoras e asociacións de áreas empresariais, administracións, empresas, persoas propietarias de solo empresarial e profesionais do sector.

Índice do programa

Programa xeral **2**
Bloques 1 e 2: coñecemento e modelos de xestión **3**
Bloque 3: competitividade e desenvolvemento industrial **4**
Obradoiro dinámico de participación dixital **5**
Bloque 4, charla final e peche da xornada **6**

Programa xeral

Presentadora e moderadora: **Leticia G. Chas.**

Horario	Actividade
09:30–10:00 h.-	Recepción de participantes, acreditación e café de benvida.
10:00–10:20 h.-	Apertura institucional.
10:20–11:20 h.-	Bloque 1. Galicia empresarial: coñecer para transformar.
11:20–12:00 h.-	Bloque 2. Gobernanza e novos modelos de xestión de áreas empresariais.
12:00–12:40 h.-	Pausa para o café.
12:40–14:15 h.-	Bloque 3. Parques competitivos: seguridade, sustentabilidade e desenvolvemento industrial.
14:15–14:30 h.-	Obradoiro dinámico. Sinerxías entre axentes implicados en solo empresarial. Participación dixital guiada.
14:30–15:30 h.-	Xantar e encontro profesional.
15:30–16:30 h.-	Bloque 4. Parques intelixentes: tecnoloxía, innovación e dinamización.
16:30–17:30 h.-	Charla inspiradora. Os parques empresariais do futuro: de espazos industriais a ecosistemas de oportunidades.
17:30–18:00 h.-	Peche e conclusións. Síntese da xornada e principais achegas do obradoiro.
18:00 h.-	Clausura e remate da xornada.

CONTIDOS DA MAÑÁ

Bloques 1 e 2

10:20–11:20 H · BLOQUE 1

Galicia empresarial: coñecer para transformar

DIAGNÓSTICO · COÑECEMENTO · FORMACIÓN

Relatorio 1. «Radiografía das áreas empresariais de Galicia: diagnóstico, retos e oportunidades»

Presentación do estudo «Análise e diagnóstico das áreas empresariais de Galicia 2026. Elaboración dun directorio de áreas empresariais»: situación, necesidades de mellora e utilidade do catálogo de fichas. **Javier Represas – CEO en Kala Investments.**

Relatorio 2. «Novas estratexias de promoción pública para conectar as necesidades das empresas coas oportunidades de solo empresarial»

O papel de Xestur para facilitar novas implantacións, atraer investimento e dinamizar as áreas empresariais de Galicia. **Diego Toja García – Xerente de Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A.**

Relatorio 3. «Profesionalizar a xestión: aprendizaxes e resultados do programa de formación FEGAPE 2026»

Balance do «Programa de accións formativas dirixidas ás entidades xestoras dos parques empresariais»: valoración das catro xornadas provinciais, aprendizaxes e necesidades de continuidade. **Francisco Domínguez – Director da Escuela Mos Empresa e xerente da Asociación de Empresarios de Mos - AEMOS**

11:20–12:00 H · BLOQUE 2

Gobernanza e novos modelos de xestión de áreas empresariais

LEXISLACIÓN · COLABORACIÓN · BOAS PRÁCTICAS

Relatorio 1. «A Lei de áreas empresariais de Galicia: novos instrumentos para unha xestión máis eficiente»

A Lei 3/2022, as ECOXEM e outras fórmulas de conservación, xestión e modernización. Colaboración entre entidades xestoras, empresas e administracións. **Pablo Rodríguez – Xerente do Polígono de Carballo (primeira ECOXEM constituída en Galicia)**

Relatorio 2. «Da conservación á modernización: experiencias de éxito na xestión de áreas industriais»

Caso práctico da Comunidade Valenciana vinculado ás Entidades de Xestión e Modernización (EGM). **Raquel Rosique – Directora de xestión da Entidade Urbanística de Conservación de Elxe, Parque Industrial. Membro da Xunta Directiva de FEPEVAL**

RETOS OPERATIVOS E NOVAS OPORTUNIDADES

Bloque 3

12:40–14:15 H · BLOQUE 3

Parques competitivos: seguridade, sustentabilidade e desenvolvemento industrial

INVESTIMENTO · SEGURIDADE · MOBILIDADE · ENERXÍA · COOPERACIÓN

Impulsar novos investimentos e mellorar as condicións dos parques empresariais para medrar. Instrumentos de desenvolvemento industrial e solucións de seguridade, mobilidade, enerxía e cooperación ao servizo das empresas.

Relatorio 1. «Proxectos Industriais Estratéxicos (PIE): novas oportunidades de investimento e desenvolvemento de solo empresarial en Galicia»

Presentación desta figura e da súa relación coa implantación de iniciativas industriais e o desenvolvemento de solo empresarial. **Patricia Rodríguez Franco – Subdirectora xeral de Proxectos Industriais na Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético.**

Relatorio 2. «Polígonos máis seguros: prevención, plans de emerxencia e evacuación»

Seguridade integral e coordinación ante emerxencias. Experiencia práctica de Asturias sobre plans de emerxencia e evacuación. **Ignacio González – Secretario xeral de AREAS (Federación de Áreas Empresariales de Asturias).**

Relatorio 3. «Mobilidade intelixente nos parques empresariais: accesibilidade, transporte e solucións compartidas»

Mobilidade das persoas traballadoras, accesibilidade, transporte colectivo e alternativas sustentables adaptadas ás necesidades dos parques empresariais. **Iago Domínguez Álvarez – Xerente do Clúster da Función Loxística de Galicia**

Relatorio 4. «Enerxía compartida, competitividade colectiva: novos modelos de xestión enerxética»

Comunidades enerxéticas, autoconsumo colectivo, eficiencia enerxética e oportunidades de colaboración para mellorar a xestión dos consumos e dos custos. **Carlos López Navaza – Socio director de López Navaza & Asociados Consultores**

Relatorio 5. «Parques unidos, máis oportunidades: de Galicia a Europa a través de CEDAES e EABID»

O valor do asociacionismo para compartir solucións, defender intereses comúns e reforzar a voz dos parques empresariais. FEGAPE, CEDAES e EABID como vías de cooperación e representación nos ámbitos autonómico, estatal e europeo.
Pablo García-Vigón – Presidente de CEDAES (Confederación Española de Áreas Empresariales) e de EABID (European Association of Business Innovation Districts, Asociación Europea de Distritos Empresariais de Innovación).

14:15–14:30 H · PARTICIPACIÓN E DIÁLOGO

Obradoiro dinámico «Sinerxías entre axentes implicados en solo empresarial»

A voz dos parques: necesidades, propostas e oportunidades de colaboración

Entidades xestoras, asociacións, empresas e persoas propietarias de solo achegarán respostas breves, votarán prioridades e compartirán propostas. A sesión combinará participación dixital e intercambio co público.

Dinamizan: Jesús Vivero e Antonio Armesto

Desenvolvemento da sesión

Horario	Dinámica
14:15–14:17	Presentación e acceso. Obxectivo do obradoiro e acceso mediante QR ou código, facilitado previamente.
14:17–14:23	Participación dixital guiada. Tres preguntas breves para identificar prioridades, propostas e oportunidades de colaboración.
14:23–14:28	Resultados e diálogo. Lectura das principais achegas e dúas intervencións breves do público, coa moderación de FEGAPE.
14:28–14:30	Síntese e peche. Recapitulación de prioridades e explicación de como se empregarán as propostas recollidas.

Preguntas para a participación

1. Que necesidades das áreas empresariais deberiamos atender primeiro?

2. Que proxecto ou servizo poderiamos impulsar conxuntamente entre parques, empresas e persoas propietarias de solo?

3. Que colaboración precisas ou podes ofrecer para facelo posible?

INNOVACIÓN E VISIÓN DE FUTURO

Bloque 4 e peche da xornada

15:30–16:30 H · BLOQUE 4

Parques intelixentes: tecnoloxía, innovación e dinamización

DIXITALIZACIÓN · IA · NOVAS OPORTUNIDADES

Relatorio 1. «Do polígono tradicional ao parque intelixente: ferramentas dixitais para unha xestión integral»

De apagar lumes a anticiparse: datos e xestión en tempo real para tomar mellores decisións. Menos carga administrativa, respostas máis áxiles e novas oportunidades para as empresas. **Enrique López de Coca y Sánchez-Escribano - CEO de YOTTA Desarrollos Tecnológicos – plataforma LOKINN**

Relatorio 2. «Intelixencia artificial aplicada aos parques empresariais: menos burocracia, máis eficiencia»

Aplicacións prácticas de IA para apoiar tarefas administrativas, analizar información e mellorar a comunicación e os servizos das entidades xestoras. **Santos Cavero Pérez, Responsable de Tecnoloxía do Clúster TIC Galicia.**

Relatorio 3. «Máis alá da industria: turismo industrial e novas fórmulas de dinamización empresarial»

O turismo industrial como proposta de promoción do tecido produtivo, apertura das empresas á contorna e desenvolvemento de iniciativas de colaboración. **Antonio Armesto. CEO de Animatium - xerente da Asociación de Empresarios dos Polígonos de O Ceao - As Gándaras de Lugo**

16:30–17:30 H · CHARLA INSPIRADORA

«Os parques empresariais do futuro: de espazos industriais a ecosistemas de oportunidades»

Intervención estratéxica e inspiradora sobre a evolución dos parques empresariais nos vindeiros 10 ou 20 anos. **Juan Carlos Bugallo Taibo - Especialista en innovación, transferencia tecnolóxica e ecosistemas.**

Eixes temáticos: intelixencia artificial, transición enerxética, industria 4.0, novos modelos de traballo, sustentabilidade, atracción de talento e colaboración empresarial.

17:30–18:00 h | Peche e conclusións

Síntese das principais ideas da xornada, recuperación das achegas do obradoiro por parte de FEGAPE e propostas de continuidade.

18:00 h | Clausura e remate da xornada